


FESTAS DO APÓSTOLO DO ANO 1980



ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ - PARDO

APÓSTOLO 1980

FESTAS DO APÓSTOLO DO ANO 1980

Pregón habido no serán do día 19 do mes de Santiago
polo profesor

D. ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ – PARDO



SANTIAGO
1980



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

*Festas do Apóstolo do ano 1980. Pregón habido no
serán do día 19 do mes de Santiago polo profesor D.
Isidoro Millán González – Pardo*

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades.

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en
Humanidades

Secretario xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Editores literarios:

Luís Cochón

Manuel González González

Santiago de Compostela, 2023

Maqueta e imprime:

Sacaúntos Cooperativa Gráfica

Depósito Legal: C 915-2023



Recolle este folleto o texto íntegro do pregón que, en sinal de apertura das Festas do Apóstolo do ano 1980, pronunciou, na praza do Obradoiro, o profesor don Isidoro Millán González-Pardo no serán do día 19 do mes de Santiago.

No balcón maior do Pazo do Consistorio, dende o que se lanzou o pregón, presidía o acto o Ilmo. Sr. D. Xosé Antonio Souto Paz, alcalde da cidade, acompañado de membros do Excelentísimo Concello.

Actuou seguidamente, no estrado que se elevara na praza, o coro de danzas galego Rey de Viana da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

As miñas palabras primeiras na ocasión honrosísima deste pregón de festas deben ser, teñen que ser, composteláns e galegos e forasteiros todos que me escoitades!, de confusión e de abraio. Porque só estes sentimentos, que conturban a alma e tremen na voz conmovida, embargan agora o meu corazón.

Só estes se acompañan, verdadeiramente, con este marco estremecedor de pedras unxidas, sacras e nobilísimas, este marco amplo e fermoso e apouvigante da praza compostelá do Obradoiro, na que eu, cativo de min, pobre de forzas e privado de méritos, teño que concitar tódolos pulos do meu espírito e teño que arrexuntar tódalas reservas dos meus pulmóns, para ergue-la voz, nun brado —humilde, por quen o lanza, mais podente e sonoro polo que di—, que, en arredado de costumes lonxanos de tempos idos, vos faga chega-los ecos dun múltiple, e único, pregón.

COMEZAN HOXE, COMPOSTELÁNS E GALEGOS,
AS FESTAS DO APÓSTOLO!
COMEZAN HOXE, SANTIAGUESES,
AS FESTAS DE COMPOSTELA!

E, coas festas do Apóstolo, que son as festas de Compostela, e que están a abrirse neste instantiño deste serán do 19 de xullo, comezan tamén as vésperas da festa maior de Galicia, da festa maior da terra galega, e da festa maior de España.

E, coa celebración da festa de Compostela, máis aló de Galicia e máis aló das serras e dos mares de España, xustamente porque é a festa do Apóstolo, comeza non a festa maior, mais si unha das festas grandes, unha das festas cimeiras de Europa e da inmensa América nosa — dende a Terra de Fogo a Santiago del Estero, e a Santiago de Chile, e a Santiago de Caracas, e a Santiago de Panamá, e ao de Santo Domingo e de Cuba, e aos Santiagos de Oaxaca, e de Río Grande, e de Texas—, e unha das festas solemnes da Igrexa de Cristo espaxada polas catro bandas do orbe —a Igrexa, árbore vella batida dos ventos ou semente nova que se agacha na terra!—, e empeza así unha festa sonada do mundo.

Velaquí o meu pregón. Mais o meu pregón non é meu. Porque ningún pregoeiro se pregoa a si mesmo.

«Vós, heraldos e pregoeiros —xa nolo avisa un verso de Homero—, dicide a vosa encomenda, librade sen temor a vosa mensaxe, pois sodes mensaxeiros de Deus e mais dos homes».

E, en respaldo do meu pregón e da miña mensaxe, que acabades de ouvir —pregón das festas da cidade como festa do Apóstolo, e como festa maior da terra e da xente galega, e como festa maior de España, e como festa grande de Europa e da cristiandade e do mundo—, eu non invoco sentenza de home, ou preferencia miña, nin criterio ou antollo de individuo ou de grupo; eu invoco a verdade e a autoridade obxectiva das cousas; eu apelo nesta praza, na que se sente resoar, fondísimo, cando as pisadas petan nas lousas, un bater ancestral e materno que é o do corazón de Galicia, eu apelo á realidade toda, material e ideal, que está arredor nosa e por riba de nós e que foi antes de nós; eu apelo á voz do Tempo e da Historia, que non é legado gravoso da morte mais herdo potenciador da vida; e non poño por testigo e garante do que vos diga o peso nulo das miñas propias palabras, senón o testemuño dos vosos ollos e das vosas orellas.

FESTA DE COMPOSTELA

Son pois estas, en primeiro termo, as festas da cidade de Compostela. E quen de vós non sabe, por persoal vivencia ou por referencia, no que elas consisten, e quen non se aleda co seu mero anuncio e programa? Quen vai necesitar que eu lle relembre ou describa as festas de antano, ou que o anime a que asista e goce de tantas diversións, audicións e espectáculos, ou de tan varios ritos e cerimoniais, verbenas e concertos,

estrondos e fogos, como se repiten ou incorporan ás festas de hogano!

Velaquí o tempo, como nas festividades dos patróns en todas cantas vilas e aldeas de Galicia —das que a festa de Santiago é, con primado de señorío, coroación e prototipo—, velaquí o tempo de se erguer cedo da cama, co corazón festeiro, cando, a par dos raios do sol ferindo «nas ribas do Sar» —como na cantiga de Xoán Airas—, os chíos da gaita rompan o albor do día; chegou o tempo de baixar axiña á rúa, e de percorrelas, e enche-los ollos con aquel ir e vir multicolor das xentes; chegou o tempo de ver danzar, na soleira ou no limiar mesmiño das festas, como aquel que nos abrise as súas portas, este marabilloso ballet galego que perpetúa e estiliza, para a coreografía universal, os ricos motivos da nosa tradición popular; chegou o tempo de se deleitar cos concertos de música, que rematarán este ano coa grandiosa homenaxe ás beneméritas bandas das vilas galegas; chegou o tempo de bailar e troular nas verbenas e nas foliadas dos barrios, e como nunha xentil cantiga tamén, de Pero Amigo, o tempo de que as mociñas trencen amores, «na romaría de Compostela», cos que se pretenden seus «entendedores»; chegou o tempo de divertir-lo ánimo, ou de afiar quizais o ferrete crítico, cos teatros e comedias e farsas; e de anovar en nós o asombro de nenos e de rapaces que corren entremedias dos xigantes e cabezudos, ou gabean, rindo, pola cucaña, ou algarean cos foguetes de triplo estalo, ou abren a

boca de catro palmos cando ascende, lento e maxestoso, o globo; chegou o tempo de agranda-la nosa visión de Galicia nas XII Xornadas de Folclore, un tesouro de tradición popular e histórica que, igualiño que as roupas e xoias e os colgantes no certame e mostra dos traxes, sae do fondo do peto para engalana-las competicións da Quintana e para nos mover a coñecer mellor e a conservar e a fomentar tanta graza do Señor, tanto rumbo e tanta beleza; chegou o tempo de pasear amodiño, coa familia, pola Alameda alumeada, ou pola Ferradura; chegou o tempo de se desprazar á feira do gando, a Salgueiriños, a ollar e escoitar aqueles longos tratos e parrafeos, palmeando o lombo ou as illargas das bestas e inserindo xestos e ditos sentenciosos, como os da xurisprudencia latina; ou de andarmos, de acó para acolá, na carballeira de Santa Susana —o vello Outeiro dos Poldros— sorteando os postos e casetas, aboucados polo estrépito barulleiro dos altofalantes, polo rebumbio do xentío, polos berros dos mozos ou polos choros dos cativos, ou de se asentar, baixo dunha tolda, a tomalo polbo, e a falar e a rir e a comentar cos amigos; chegou o tempo, na noite de Santiago, de contemplar nesta praza, cos ollos arregalados con que os vin eu de neno, os fogos de artificio, a estrondosa e prodixiosa queima da fachada, ou de presenciar, na Catedral, o día do Santo, a función da Ofrenda e a procesión solemne do Padroado e de sentirnos levados, na onda dos cantos litúrxicos, no estrondo tumbal do órgano, no fume do incenso e o

son antigo e doce das chirimías, aos arroubos e á nostalxia do Ceo...

Esta é, en cifra e compendio —xa vos decatades do que quero expresar—, a festa local de Compostela.

E quen será ousado de negar que todo isto é bo e humano e encantador, e que merece lembranza saudosa, cando se perde, e conservación amante, cando se retén, e, sempre, eloxio, enalzamento e pregón?

Mais eu quixera que, por un pouco de tempo, me acompañádeses no intento de profundar na realidade social e humana que son as festas, co fito de determinar, alén da tintura restritivamente local ou xenericamente pintoresca ou folclórica, o verdadeiro carácter, orixe e alcance da festa de Santiago.

Cal é o «porqué» e o «para que», a razón e a función, e cal é a esencia íntima, o miolo e o celme, das festas na sociedade humana?

Así como a sensación da dor —fermosamente o di Platón— está atada, está enleada, está xunguida, como polo curuto ou polo vértice, á sensación do pracer, e unha sensación se contrapón ou nace da outra, na vida do home, como a sombra se contrapón ou emana do corpo, de semellante maneira, daquel fondo mesmo da natureza humana do que xorde, necesaria e fatal, a lei do traballo, deste mesmo fondo ascende, imperativa e necesaria, a lei do descanso.

O traballo, coa suor da fronte, é a condición da propia mantenza animal e do pleno desenvolvemento persoal e da crianza e amparo do pequeno grupo —da muller e

dos fillos—, e do progreso e da prosperidade comunal. E a lei do repouso, a lei da folganza e da festa, é filla da imperiosidade biolóxica de acougar e de renovar as forzas materiais do corpo, e de aumentar e de arrequentar, no sosego e na cesación ou variación destas, a máis libre dinamicidade das enerxías do espírito.

Repítese sempre, polo tanto, nesta contraposición de traballo e festa, pois ela asenta nun fundamento antropolóxico radical, o reparto alegórico do esquema xenesiaco: o das xornadas de actividade continua creadora e a xornada final da gozosa cesación contemplativa. «E acabou no día sétimo a obra que fixera e de canta obra realizara descansou» (Xén. II 2).

Velaí tendes, non adiviñada por interpretación mística, senón patente e anticipada na recapitación racional, a dimensión última e transcendente, o «porqué» e o «para que», de toda festa.

Mais o home non é mero ente de razón, un ser espectral que viva alleado e illado no reino das Ideas puras. É barro e cinza da Terra, é suxeito e axente da Historia. E inscrita na Historia, que a envolve e a arrodea, penetrada e embebida das circunstancias e eventos da evolución cultural e social, desenvólvese, verdadeiramente, a natureza individualizada e real de cada home. E é por iso que as festas, estas xornadas de folganza gozosa, estas celebracións liberadoras e dinamizadoras das mellores enerxías do espírito, fóronse revestindo, no decurso do tempo, das formas infindas e cambiantes baixo das que intuía o propio home e configuraba

a orde total da realidade cósmica digna de se conmemorar e de se festexar.

Retorno cíclico das sazóns do ano e dos labores e ceifas do agro —festas calendares de solsticios e de equinoccios, de sementeiras e de colleitas, de vendimas e mais de segas, e das beizóns do Ceo e da fecundidade da Terra—, que era regra e contrapunto e imaxe da orde civil e do poder tribal —festas de batallas e de vitorias, de inauguracións dos reis e de pasamentos dos xefes heroicos—, e que era, derradeiramente, símbolo e lembranza e espello do retorno cíclico da realidade sacra, e prenuncio suxeridor de ultimación misteriosa desta curva parabólica, inconclusa, da vida humana —festas do nacemento, e da iniciación, e do casoiro, e mais da morte...—!

FESTA DO APÓSTOLO

A contraluz destas ideas, que eu non podo facer máis que rozar sumariamente, tratemos, composteláns e galegos, sobrepasando a consideración do motivo primordial e antropolóxico de toda festa, que é o do repouso e da ledicia e da folganza, de encarmos fito a fito coa orixe histórica concreta da festa de Santiago.

Nesta obxectiva toma de conciencia non serán as miñas verbas, como volo dicía ao principio, senón máis ben as vosas lembranzas e, aínda mellor, as miradas dos vosos ollos, testemuñas a un tempo, e mais xuíces, dos feitos que temos diante de nós labrados en pedra máis dura ca o bronce.

Deixemos, si, a un lado ecos de lecturas que nos levarían a remontar de lixeiro, desfacendo os camiños do Tempo, a sucesión multiseccular das festas de Compostela. Pois se virar nos virásemos ao pasado, nas ás da lembranza, dende as festas de hoxe ás do XIX e románticas, e de alí ás do Antigo Réxime e neoclásicas de Malvar ou Raxoi, e ás fastosas barrocas de Monroi, e ás elegantes renacentistas do terceiro Fonseca, e a aqueloutras festas do noso século XV, rudo e feudal máis que gótico —que se tinguían do sangue de Bernal Yáñez e de fume de pólvora e de frechas de béstas e de carraxe guerreira nos adarves da catedral—, sempre e en todo tempo, na paz ou na guerra, na revolta ou na concordia civil, na fartura ou na fame, na humildade ou na soberbia alporizada, na descenza ou na piedade dos homes, sempre e en todo tempo, atoparíamos que o «porqué» sabido e acatado da festa, o seu motivo, era a conmemoración gozosa dun feito que é a razón das pedras que vedes, que é a raíz e o xermolo e o berce e o sopro de vida do que naceu a cidade, que é un fío central da madeixa galega, un eixo vertebrador da presenza histórica de Compostela e de Galicia en España, en Europa, no mundo,.

Un gran poeta galego dos nosos días, Díaz Castro, entreviu poderosamente aquel intre creacional —hora simbólica que foron centos de anos— en que, alumeada por anterga Tradición e aquecida pola Fe, a man do home arrincaba do monte e carrexaba por corredoiras desertas e labraba e asentaba, un a un, nun confín de

abandonados castros e de herbeiros e de chousas, os elementos desta obra xigante.

Brincan da canteira osos de pedra virxe, i óinse os alentos;
nenos e galos axotados arrédanse e deixan pasar un río de pedras,
tolean os martelos en días eternos e noites cegas...
E medra amodiño na noite un feixe de columnas coma gorkas de pomba:
non se fizo o Tempo en tres días, que o home é breve i a noite é longa!
Pro medra coma a aurora tralos piñeiros, sono de beleza mostruosa,
masa de dogmas de pedra, seixo a seixo, a Nai de Compostela,
i asi quedou pra sempre, coa crista porriba do Tempo furando na néboa,
a Catedral, a grande Galiña deitada no medio das leiras...

Esa «longa noite do Tempo», intuída polo poeta, na que foi medrando, a modiño, a catedral, alumeouse hai cen anos, xustamente en 1879 —e case que semella que a queima da primeira fachada mudéxar, en 1880, fose símbolo material do acontecido— pola luz que derramou nela a primeira exploración arqueolóxica da edícula xacobeá, realizada por López Ferreiro. Foi coma un lostrego que rachase o nocturno negror da Historia e nos fixese albiscar, fosforescendo nas tebras, o perfil fuxidío das cousas.

Mais o fulgor da súa claridade xa non cesa. Sentímolos agora renovado e avivecido polo resultado e tamén polos problemas da segunda escavación arqueolóxica no subsolo das naves hai trinta e tantos anos, e encáranos hoxe coa certeza documental probada de textos que, dous centos de anos antes da identificación

solemne do sepulcro polo bispo Teodomiro de Iria e do espallamento triunfal do culto dende o século IX, fixaban en España e no cabo de Europa, na extremidade occidental do mundo, neste Fisterre galaico sen dúbida, *in mundi occasu*, a misión apostólica de Santiago.

E tanta e tamaña é, composteláns e galegos, a antigüidade e a prosapia da festa que imos celebrar nestes días que é, xusto, nalgúns deses textos, que corrían xa dende o século VI e quizais antes, onde se atopa, vencellada causalmente á predicación do apóstolo Xacobo en España e no occidente último de Europa e en Galicia — como é o asunto e o lema e mandado do meu pregón que eu non podo declinar nin refusar— onde se atopa, repito, a primeira mención documental a nós chegada da data cronolóxica e da conmemoración propia que festexamos, quero dicir, da festa de Santiago: “sepultus est in Acaia Marmarica VIII calendas Augusti»(recibiu sepultura en Arca marmórea o 25 de xullo)...

Velaquí a orixe concreta, a razón histórica, o motivo real, das festas de Compostela: é a festa do Apóstolo. Se enmudecendo nós, non o confesásemos, haberíanos de falar e de pregoar as pedras.

Diríao, nesta portada grande da catedral, a torre da Carraca e a torre das Campás e o fastial barroco de Casas Novoa, e toda a Galicia do XVIII que o viu erguer —Sarmiento e Feixoo e Cornide e Raxoi—, repetirían aquela voz.

E se logo de entrar no templo pousásemo-la man no parteluz do Pórtico da Gloria e fitásemo-los ollos

no «santo de barba dourada», que acolle, amigo, os seus romeiros, ouviriámo-lo cantar dos músicos da Xerusalén celeste e tódalas figuras de ámbolos Testamentos e das visións apocalípticas, dende as columnas e arquivoltas, salmodiarían a glorificación de Deus por Santiago, en Galicia, que campa na cartela: *Deus autem incrementum dedit in hac regione* (Deus concedeulle abundancia nesta Terra). E pois que é o Pórtico da Gloria de Santiago de Compostela o sitio do mundo onde a gravidade estática do románico cobrou animación de vida, e rebule quedíño, e se axita, e rompe a rir —con «aquelas risas tan verdadeiras»—, e así se abriu a primavera xentil do gótico, tódolos séculos do noso Medioevo, sen quedar un, se axuntarían alí para renovar o recordo da festa.

E repercutiríao nas bóvedas e nas galerías do triforio a catedral de Diego Peláez e de Diego Xelmírez, e de aló de embaixo dos nosos pés, onde están soterrados oitocentos anos da protohistoria do culto xacobeo, da basílica de Alfonso III e da igrexa miserenta de pedra e barro de Alfonso II e do sepulcro de Teodomiro e da misteriosa e calada área cemiterial —máis de 180 sepulcros de época xermánica e de época romana, sen vestixio ningún de paganismo, enfiados todos cara ao mausoleo romano de Santiago e ao abrente do sol—, ascendería, manseliño, un coro de murmurios de lembranza: é a festa hoxe de Santiago, Apóstolo de Galicia...

FESTA DE GALICIA
De Galicia! Da terra e do pobo noso!

A forma e evolución das sociedades humanas é plural e complexa e correspóndelle a cada unha o seu esquema e unha historia de seu. Mais onde queira que se poida predicar dunha colectividade, dunha multitude de homes, a condición de pobo, isto é, a condición de comunidade social, contraposta a outras de nivel análogo, provista dos elementos e marcada polo selo dunha personalidade diferenciada e superior, onde queira que isto suceda, como sucede en Galicia, atoparedes que o presuposto necesario foi un longo proceso de convivencia dos causantes daquela comunidade, chantados no mesmo marco xeográfico e influídos polos mesmos acontecementos históricos e que o resultado necesitante e necesario para sentírense pobo é a realidade e a común conciencia e acatamento dunha orde xeral e específica de valores, e de costumes e de falas.

E haberíamos tamén de deducir, pola contra, que se se lixase ou emporcase, desleixadamente, o marco xeográfico e artístico e arqueolóxico e monumental de Galicia; se se descoñecesen os feitos, os eventos obxectivos, da súa historia; se se abafasen ou impedisen ou menoscabasen os valores comúns que a sociedade galega abrazou e acata; se se ridiculizasen ou desprezasen os seus costumes; se se proscribisen ou postergasen ou esquecesen a súas falas, é escusado e inútil que quen o faga ou alente se gabe de bo español, pois que non o é, non o

pode ser, quen non respecta e ama a riqueza multiforme de España, e non o é, por partida dobre, se naceu galego, e tamén é inútil e escusado que un se teña e considere por bo galego procedendo de calquera destas maneiras, pois que nunca o sería quen ignorase os feitos, aldraxase ou conculcase os máis nobres valores, ou escachizase costumes e monumentos e falas, que representan e atesouran a personalidade histórica de Galicia, e que gardan e conservan e agochan, ao longo de tantos séculos, esencia vivas da súa alma, como o pan do que cada día gozamos agocha o gran, e a fariña, e a semente...

Pois o conxunto dos feitos xeográficos e históricos e dos valores sociais e de costumes e de falas que configuraron un pobo, e o pobo real por eles configurado, e a conciencia con que os sabe e respecta e defende e mantén, —iso é a patria, galegos!

E se eu, apoiándome na miña crítica de individuo ou de grupo, desprezare e aldraxare e desbotare a tradición do meu pobo, poderíame ver rexeitado de volta polo meu pobo real, de carne e óso, pois que a primeira das realidades dun pobo é a conciencia de identidade asentada no herdo solidario dunha tradición convivida, e é aquel feixe de valores e de respectos sentidos, e de costumes proseguídos ou anovados, e de falas mantidas e enriquecidas, no que a tradición dun pobo consiste.

E cómpre que resaltemos que nesta praza do Obradoiro, corazón de Galicia, como xa volo indicaba ao principio, e nas festas de Santiago que comezamos, dáse unha conxunción marabillosa e tanxible dos grandes

elementos que constituíron e cimentan, dende o fondo do tempo, a personalidade histórica de Galicia.

Ollade! Aí están, de primeiras, as xentes que foron antes de Roma, a proxenie guerreira e varuda que habitaba os castros. Nunha ladeira dun castro da Amaía, nese declive que cae abruptamente, como vedes, á valgada ou planicie que foi logo a praza, mirándose fito a fito co castro de Santa Susana, e de Figueiras, e de Santa Lucía, e de San Marcos, e con toda a roda de castros protexida polo curuto, témero e vixiante, do Pico Sacro, érguese hoxe a Catedral, abeirando baixo de si o mausoleo e a necrópole.

Son os moradores deses castros os representantes da raizame máis fonda da nosa etnia colectiva, estirpes certamente célticas, nas que estriban a diferenciación lingüística ulterior do romance galaico-luso e a nosa máis anterga diferenciación psíquica e cultural.

Celtas eran os nomes que lle daban a ese castro, un deles xa ben sabido, *Callobre*, e outro apelativo aínda, que nunca se ten explicado, e que me comprazo en publicar neste momento, en gracia á solemnidade da ocasión. É o que se nos conservou como denominación da *rúa da Troia*, que non ten chisco que ver coa cidade dos antigos poemas de Homero, nin cos armenios que residiron na rúa, nin con divertimentos filolóxicos de onte acá, senón que é, simplemente, coma outras *Troias* e *Troñas* salpicadas pola toponimia de Galicia e Portugal, o resultado presente da evolución multisecular de *Turobriga* «cidade forte», apelación

de manifesta e indiscutida enxebreza céltica. E celtas eran tamén os nomes da grande señora, dona titular do mausoleo no que se veneran os restos do Apóstolo, *Atia Mogeta*, e da súa neta, *Viria Mogeta*, como hai xa un ano por estas datas que se deu a coñecer nunhas xornadas filolóxicas tidas nesta cidade.

E a presenza de Roma téndela aí mesmiño, na vía romana que era a rúa do Franco, que subía pola Rapa da Folla e entraba no recinto medieval pola Porta Faxeira, e lambía aquí os pés do castro, e remontaba, pasada Compostela, as altas gándaras, cara a Brandomil e a Duio e a Fisterra, ou a Brigantium. E romano é oaedícula, a romana parte da necrópole embaixo da basílica, e romanos os muros dos edificios que xacen baixo da nave das Praterías ou da Quintana, e romanos os títulos epigráficos sepulcrais que alí houbo en tempos.

E a presenza xermánica, contemporánea do primeiro Reino de Galicia, primoxénito dos Reinos Católicos do mundo, áchase nos sartegos de dobre estola da área cemiterial, que non nos din nomes, mais tamén se acha na tradición arqueolóxica e onomástica das laudas de Teodomiro e de Vidramiro o de Aroaldo.

Tódalas raíces telúricas e tódolos ingredientes étnicos do que somos nós, xente galega e terra galega, dáse cita, coma en ningures de Galicia, neste lugar sagrado, soterrado, escuro e silencioso, baixo do pavimento da basílica, mais que, por riba do chan, coroándoo todo, alzou ese monte de granito que está a berrar na noite e, como di o poeta,

..... a noite encheuse de luz

pois que

..... os seus berros petrificáronse en torres rematadas por unha crus!

FESTA DE ESPAÑA

E esas raíces da nosa orgullosa e privativa condición galega enléanse e enguedéllanse en Compostela, baixo da invocación e sinal desta festa, coas raíces de España.

O primeiro de todo, porque esta árbore grande de España naceu e creceu e está feita de tódalas raíces abrazadas e entretecidas de Galicia, e de Asturias e de León, e de Castela, e de Cataluña e de Aragón e de Valencia, e de Vasconia, e de Estremadura e da Bética, e de Murcia, e de Navarra, e das illas do mar, e tamén —e, como non, se así o canta Camões, o seu vate altísimo?— das raíces benqueridas de Lusitania,

uma gente fortíssima de Espanha,

(*Lus.* I, 31)

da

..... nobre Espanha
...cabeça ali da Europa toda
em cujo senhorio e glória estranha
muitas voltas tem dado a fatal roda

(*Lus.* III, 17)

E, segundo e capital, porque a conmemoración que celebramos, a festa compostelá de Santiago, é, xustamente, a festa significadora e lembradora do vencello radical de tódolos pobos que compoñen España, nos lazos da natureza e do espírito da súa estreita irmandade, lazos que deparou a Xeografía e que atou a Historia, e dos que non podemos fabricar, nin tampouco finxir, cadeas que nos aferrollen, senón apertados xuntoiros de mans que nos fagan camiñar, respectados, e fortes, e unánimes, en contra de aldraxes e de asoballamentos e de rapinas e de afagos e de cobizas alleas, nunha hora escura e dolorosa do mundo.

Estou pensando cando digo isto, irmáns galegos —permitídeme que o engada—, nos homes e nas mulleres de Galicia, do campo e do mar e da emigración e da fábrica, herdeiros daqueles que mellor gardaron e transmitiron, pechado na arca santa da fala, o tesouro precioso da nosa tradición; estou pensando na sinxeleza e dignidade calada e humilde e sacrificada das súas vidas, que senten e ven hoxe radicalmente ameazadas, de dentro e de fóra, por un cerco de ataques e de cobizas e de incompreensións e de desentendementos e de manexos. Teñen dereito a esixirnos, e tal coma eles os dos demais pobos de España, que nos propoñamos todos sinceramente e de acotío, como foco cidadán de propósitos e tarefas, o da súa defensa e promoción total, e que pospoñamos a esta preocupación, aqueloutra, tan engaiolante, das grandes estratexias e das pequenas manobras políticas, nas que

quizais, quizais, eles non acerten a ver outro proveito que o de poderen contemplar, de brazos parados e co estómago baleiro, as pelexas e rifas dun rucio de veciños mal amistados...!

Un príncipe céltico dos tempos de Numancia, a rexa e pequena Numancia, á que axudaron tribos galegas —escudo a par de lanza e lanza a par de escudo— na súa loita a morte contra Roma, cóntanos Paulo Orosio (*Hist.* V, 8, 1) que, dende que caeu a cidade no poder do cercador, fora preguntado así por Escipión: «E que cousa fixo posible esta prolongada resistencia invicta e que logo vos destruísemos?». E Turesos, o príncipe, contestoulle, lacónico: «Facíanos invencibles a concordia; a discordia, esnaquizounos».

FESTA DE EUROPA E ECUMÉNICA

Noutro intre crítico e doloroso da xeral e universal Historia, na creba e derrubamento de Roma, foi este historiador, o galego Paulo Orosio, quen, de entre a ruína da xigantesca arquitectura do Imperio, que ferreamente trabara a administración, a lingua e a lei, soubo adiviñar o xurdimento integrador dun novo horizonte e dunha luzada nova, na que Hispania, a par das nacións do Medievo, protagonizaría a realización dun ideal superior de liberdade espiritual e de vida.

Á patria de Orosio, á pequena Galicia e a Compostela, tocoulle, por causa e razón da festa que celebramos, animar e aquecer, co latexar continuo e afervoado,

coa sístole e diástole da peregrinación xacobeá, ese movemento vital de solidariedade e irmandade, na múltiple diversidade das tradicións e dos costumes e das xentes, de tódolos pobos de España e de Europa.

O occidente de Europa e España e Galicia, en canto extremo último do mundo, «in mundi occasu», estaban xa amentados nos textos devanditos dos Breviarios apostólicos. O mesmo que eles nos din os textos isidorianos na primeira metade do VII, e o mesmo contido implica e envolve o himno do abade Aldelmo de Malmesbury do ano 700, e o himno acróstico do reino pequenecho de Asturias, eruditamente estudado por Manuel Díaz e Díaz, no que, arredor do ano 785 se lle pregaba a Santiago, *caput refulgens aureum Ispanie*, «fúlxido e áureo guieiro de España» (v. 47) que acudise «favorecedor e pío á grea que se lle confiara como pastor benigno do rei e do clero e do pobo»:

*adesto favens gregi pius credito
mitisque pastor regi, clero, populo*

(vv. 51-52)

E o que era arcana noticia e lembranza e agoiro esperanzado nestes textos de trescentos, de douscentos ou de corenta anos antes de se descubrir e identificar episcopalmente a edícula, fíxose irradiación esplendorosa de fervor relixioso e de fraternidade e de cultura, dende os tempos corolinxios ata... —pidámolo no fondo das nosas consciencias e favorezámoloo coas

obras como composteláns e galegos— ata os tempos de sempre.

Esperémolo e favorezámolo todos, pois que o fundamento sustentador desta festa de Santiago, que é o termo e a meta da romaxe xacobeá, consiste nunha orde de verdades tan verdadeira que todo home intelixente e ético, á marxe da dimensión relixiosa transcendente —que é un rendemento razoable da razón e a ninguén se lle impón—, todo home intelixente e ético as comprende e as abraza.

Este é o seu miolo: a crenza na unidade de natureza e de destino do xénero humano, que xa aseverara a filosofía estoica; o sentimento dunha xustificación ultrapersoal que chama e empuxa, derradeiramente, o obrar e o camiñar do home; e a conciencia, a un tempo, da nosa febleza e da capacidade de reforma e de mellora moral e de redención de todo home; e a vontade de concordia dos homes cos homes, pese á diferenza dos costumes e das tradicións e das linguas; e o convencemento da licitude da defensa valente dos bens do espírito, da propia identidade e cultura, que non veda a convivencia civilizada e enriquecedora con tódolos pobos.

As columnas, os piares mestres, son estes da orde mundana que forxou Europa. E Compostela e Galicia, pola rede dos camiños que de aquí partían, contribuíu a que máis a difundilo e afirmalo. E foi esa orde esencial de valores a que viviu e alentou nos mellores fillos de Galicia, e fíxose amor e ira, e canto

e mágoa, e berro e pregaría, no peito aceso dos «bos e xenerosos».

Nesta praza da Catedral na que se escoitou, por máis dun milenio, a polifonía multisonora das linguas en loor de Santiago e de Galicia —de anglos e gaélicos, francos e aquitanos, tudescos e lotarinxios, eslavos e armenios, toscanos e gregos...— quixera eu retornar, por cabo e remate do meu pregón, a tantos estranxeiros que viñeron e veñen das catro partidas do mundo á festa de Santiago, un saúdo e homenaxe simbólicos emparellando e recollendo na nosa fala galega fermosísimas verbas da provenzal. Aquelas nas que Federico Mistral —que invitara un día a Rosalía de Castro, a nosa Rosalía, a se-la Raíña das Festas da Lingua Occitana, e que remontaba el, tantas veces, en procura dos seus versos, ás poliñas altas, e aquelas ramiñas cimeiras onde pousan e chían os paxaros—, a estrofa, digo, na que Federico Mistral peregrinou, en arela e desexo, no seu *Mirèio*, a Santiago de Compostela:

E' scoutavian li letanio...
E lou murmur di fountaniho,
llou balans di campano, e lou declin dóu jour,
e li roumiéu pèr la campagno,
tout rendié glòri, de coumpagno,
a l'Apoustòli de l'Espagno,
noste fiéu e nebout, Sant Jaque lou Majour.


(*Mirèio* X, 54)

E escoitabamos ledaíñas
e o murmurexo das fontiñas
e o badalar das campás, da tarde no solpor,
e ían romeiros, en compañías,
cantando as grorias tamañas
do Apóstolo das Españas,
noso fillo e sobriño, San Xácome o Maior...

[DIXEN]

EXPLICIT

Acabouse de imprimir
no antigo Mosteiro de San Martiño
á beira da catedral
o día 30 - XII - MCMLXXX — festa xacobeá —
antevéspera do ano MCMLXXXI
no que se agardaba a primeira visita
dun bispo reinante de Roma
sucesor de
Pedro
á sede apostólica de
Santiago
patrón de Galicia e de España



Esta edición vai destinada, *gratis et amore*, á Fundación *Isidoro Millán González-Pardo, III Conde de Quirós*, para ser repartida entre os patróns da Fundación, familiares, amigos e achegados. Foi coidada con primor por Luís Cochón e Manuel González González e patrocinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

